



As grandes soidades no cárcere na COVID-19



Xaquín Campo Freire

A COVID-19 no cárcere. Empecemos por tomar conciencia de quen somos cada un de nós nesta relación. Non se pode responder a isto se previamente non entramos minimamente e en serio no que vén sendo esa realidade tan descoñecida. Que pasa nas prisións? Para a xente de fóra o cárcere é un construto mental único: un edificio arredado ou a pena por condena. Pero van apareladas consigo múltiples cárceres simultáneos e engadidos. Principalmente no caso das mulleres e menores. Por esa condición de ser muller ou menor. Pero destes hoxe non imos falar polo límite da achega.

1.- O que é un cárcere

«Nunca entenderei o cárcere ata que descubra os meus propios cárceres. Ao cárcere chégase habitualmente logo dun longo proceso de gran soidade neses outros cárceres». As prisións actuais de alta seguridade están en descampados, lugares inhóspitos e clima duro. Distantes da civilización coma os vertedoiros do lixo. Sen apenas estradas de acceso nin transporte público próximo. Ir vitalos é moi custoso polas condicións de transito viario, por tempo e diñeiro.

Hai máis cárceres dos que pensamos e hai cárceres por todas as partes. Hai cárceres onde se asañan verdugos que un pode tocar e á súa vez tócanche e fan sangrar. Hai cárceres onde os verdugos van camuflados de persoas decentes, e feren sen que un chegue a ver as súas horríbeis mil mans. Hai cárceres a secas. E cárceres